

Curros Enríquez, emigrante

conferencia
de

Celso Emilio Ferreiro

8 de Marzo de 1978

19,30 horas

Salón de actos do Real Coro Toxos e Froles

Rúa do Sol, 208. Ferrol

Vamos a falar do meu paisano, do gran poeta Curros Enríquez, como emigrante.

O día sete de febreiro pasado, ás dez da noite, hora cubana, cumpriuse o setenta e sete anos do pasamento de Curros Enríquez, nado en Celanova cincuenta e sete anos denantes, e cuxa morte ocorreu na Quinta de Saúde Covadonga do Centro Asturiano da Habana. Este é un dato importante como despois veremos. Non morreu no sanatorio do Centro Galego. Estaban presentes naquel doloroso trance o escritor Adelardo Novo, o poeta Nan de Allariz, o músico Chané e un industrial ourensán que aínda coñecía, xa moi velliño, que se chamaba don Constantino Añel.

Curros chegara a aquelas terras embarcado no vapor *M^a Cristina*, no mes de marzo de 1894, camiño de México, onde realmente proxectaba dirixirse como emigrante. No mes de abril do mesmo ano, dende A Habana, escribíelle ao seu grande amigo Martínez Salazar, da Coruña, e dille: *“Como aquí ninguén sabía da miña chegada, os primeiros días de estancia na Habana foron para min moi difíciles, tendo que sufrir as consecuencias da profunda división que separa a esta colonia galega”*. (Despois engade) *“A todos, non obstante, débolles gratitude. Uns e outros acaban de dar-me probas de agarimo opóndose á miña saída para México e dándome os medios para publicar o semanario “La*

Tierra Gallega” ao mesmo tempo que se imprime, gracias a eles, “El Diario de la Familia”. Tanta sorte tiven que xa recollín máis de seis mil subscricións”.

Esta carta desminte dunha maneira concluínte as versións relacionadas con esta viaxe de Curros. En primeiro termo, Curros non foi obxecto, como se ía dicindo -incluso como dixen eu por mala información- de ningún recibimento triunfal por parte da colectividade galega, que descoñecía como acabamos de ver agora o seu arribo á illa de Cuba. Por outra banda, tampouco é certo que como solían dicir naquel tempo os inimigos de Curros, que este fora o culpable da división existente entre os galegos da emigración, pois como



Casa onde
estivera
“La Tierra
Gallega”
dirixida por
Curros.

A todos, non obstante, débolle gratitude. Uns e outros acaban de darme probas de agarimo opóndose á miña saída para México, e dándome os medios para publicar o semanario “La Tierra Gallega” ao mesmo tempo que se imprime, gracias a eles, “El diario de la Familia”

se ve pola carta que acabamos de ler, os galegos xa estaban divididos, como é costume, ao parecer inveterada, tanto naqueles tempos como nos nosos. Sen dúbida, para facer boa aquela frase do cabaieiro medieval que dixo: “Somos galegos e non nos entendemos”.

Se así é o panorama optimista que Curros describe na súa carta, a verdade é que se achaba un telón de enganosas aparencias, tras da cal agachábase unha rea-

lidade moi amarga que el iría descubrindo máis adiante a medida que se adentraba no labirinto da colectividade.

O periódico *Tierra Gallega*, que no seu comezo foi unha publicación máis ben híbrida, vagamente rexionalista, comeza a derivar cara formas máis concretas de ideoloxía política. De vez en cando abroia nas súas páxinas a prosa varuda do poeta, nunha actitude francamente doctrinal. Refuga o centralismo, refuga o caciquismo, declama descontra a servidume á que se tiña sometida Galicia. Cando en 1895 a insurrección cubana, Curros adoita unha actitude realista pois el adiviña o que vai traer o porvir. Cre que o comportamento dos políticos españois na illa obedece a un falso patriotismo que os levará fatalmente ao desastre. Pide para Cuba a autonomía. As súas palabras soan entón a traizón e deslealdade. Chátano de “mambí”, que daquela era un alcume infamante que os patrioteiros acostumaban pórllle aos seus inimigos políticos para inhabilitalos civilmente. Mambí eran un insurrecto cubano que loitaba pola independencia da súa patria. Ser español e ser ademais mambí era ser, definitivamente, un fillo proscrito de España.

Os subscritores de *Tierra Gallega* comezaron, en vista desto, a darse de baixa colectivamente da subscripción do periódico. Curros escribiulle a Lisardo Barreiro, ao poeta Lisardo Barreiro -que aínda o coñecín eu aló polo ano 42, moi velliño, vivía en Vilagarcía-. Escribiulle:

“O meu periódico morreu. O gobernador da Habana púxome dúas multas seguidas, e como ía poñerme a terceira, de matalo, eu adianteime e suspendín a súa publicación”.

A súa inimidade coas directivas do Centro Galego faise entón total. Naquel tempo fúndase o Centro Galego da Habana, el intervén e fai un gran poema que le o día da inauguración do Centro. Naquel intre, fano Presidente de Honra e danlle o bastón de mando, como se fora un alcalde dunha vila calquera de Galicia. Pero neste intre, el rifa cos directivos, devólvelle o bastón de Presidente de Honra e en carta que lles dirixe, bótalles en cara o pouco apego que lle teñen ás cousas da terra acusándoos de que en vez de financiar as obras dos escritores galegos e creadores culturais de Galicia, gastan os seus cartos en festas, bailes e parvadas. Naturalmente, esta actitude que recolle Curros foi posteriormente, anos despois, rectificada, e o Centro Galego chegou a ser un emporio galego importante no senso de mutualismo e de asistencia social. Foron os que inventaron o que podemos chamar hoxe seguros sociais e mutualidades para os galegos emigrantes. Pero isto ocorreu moito despois.

Nunha carta que se conserva na Academia Galega, Curros cóntalle a Murguía estas incidencias e infórmao da campaña que inutilmente fixo na prensa de Cuba e de Madrid, para que lle fose renovado polo Centro unha pequena

AÑO III. Habana 21 de Junio de 1896. Núm. 127.

LA TIERRA GALLEGA

SEMANARIO DE INTERESES REGIONALES

<p>PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN</p> <p>En la Habana: 600 rs. En el extranjero: 1.000 rs.</p>	<p>DIRECTOR LITERARIO: M. CURROS ENRIQUEZ.</p>	<p>ADMINISTRACIÓN: PRADO DE Hora de despacho de 4 a 10 de la mañana. La correspondencia se dirigirá al Administrador</p>
---	---	---

GALLEGOS ILUSTRES

— Aureliano J. Pereira —

A última conferencia dada en el Centro Gallego de Madrid por el Sr. D. Aureliano J. Pereira nos obliga a decir algo acerca de este distinguido escritor y poeta fecundísimo, autor entre otros, de los tres preciosos tomos de versos, *Ohñales, Cousas d'a aldeia y Romano, ro de Lugo*.

Nació Pereira en esta ciudad en 1856, de una familia humilde, tanto, que no le fué dado proporcionarle carrera, á pesar de las felices dotes que ya desde muy niño revelaba para el estudio.

Dice de él un biógrafo que á los veinte años escribía en publicaciones regionales y algunas de fuera de Galicia; más tarde entró de lleno en la vida periodística, trabajando con tanto ardor, constancia y empeño que, durante unos 6 años, redactó *exclusivamente* sólo el *Diario de Lugo*, que llegó á ser uno de los periódicos de mayor autoridad de Galicia y que levantó la bandera regionalista, luchando por ella contra periódicos de Madrid como *La Epoca, El Peñón, el Mando Político* etc.

Colaboró en la revista *El Porvenir* de Barcelona, publicando en él una crítica del discurso de entrada de Alarcón en la Academia. Cuando escribió este artículo no tenía más que 21 años; sin embargo, este escrito tuvo gran resonancia, valiéndole á su autor muchos elogios de literatos y artistas catalanes por defender la teoría del *art pro artu*.

En la *Revista Arqueológica* hizo en 1890 un estudio sobre *los diáconos del teatro*; estaba en la *Revista de España*, en la *Ilustración*, *Revista de Hispano-América*, en la *Ilustración Gallega* y *Asturiana* y otras publicaciones.

Entre sus obras en prosa, las más notables son el *Paralelismo: Shakspeare y Calderón, Las maravillas de Lugo*, estudio arqueológico *Memoria sobre las industrias que se pueden establecer en Lugo, Cuentos de aldeia*, en publicación, y sus *Discursos* sobre el regionalismo.

Como escritor dramático ha representado con aplauso *Solidad*, drama, *Los capitalistas*, sainete, *Lugo... veinte minutos!* y *Lugo al cielo*.

Fundó y dirigió *El Regional* y escribió en más de sesenta periódicos.

En la actualidad vemos trabajos suyos en *El País* y *El Globo*, de Madrid, á donde Pereira ha trasladado su residencia desde 1893.

 colonia gallega. Su cultura general, su esmerado trato, su espíritu democrático, su modestia ejemplar, su admiración por el bello sexo, sus aptitudes poéticas, su memoria prodigiosa, su agudo ingenio y su finísimo aticismo, le proporcionaron espontáneamente en la villa y corte centenares de amigos y de admiradores. «Una vez pone catedra en el comercio de tonas de la calle de Carretas, propiedad de Leopoldo Senra, otras en el café Universal ó en la Cerbeceria, algunas en el Centro Gallego y no pocas en el despacho de su grande amigo el sabio catédrático D. Urbano González Serrano. Pronuncia sesenta vocablos por minuto y fuma diez pitillos por hora. Y es que la elocuencia le llama con impulso irresistible y el tabaco fomenta y aviva su oratoria. «Su primera conferencia, publicada en el Centro Gallego se relacionaba con el regionalismo y la seguía en un estudio sintético del presente y del porvenir de Galicia, constituyendo dos trabajos de importancia social y literaria dignos de atento examen y de seria meditación. «Pereira hizo perfectamente en trasladar su residencia á Madrid, porque aquí tiene ancho campo donde lucir su ingenio. En Galicia tenía que dedicarse á estudiar y á aplicar los procedimientos del caciquismo, que empieza con el cambio de estancos y termina con el de peatones. Y ese trasiego gallego, bendecido por intenciones rurales, no es apropiado para entendimientos como el suyo, que se extasia ante el panorama de las actrices de París, con las obras de Lamartine, con las poesías de Victor Hugo, con la *Historia* de Housser, con las odas de Quintana, con las fotografías á través de los cuerpos opacos ó con las composiciones románticas de Zorrilla, Pastor Diaz y Espronceda. «Ante se encuentra Pereira como el pez en el agua. Admira las obras de la creación en las calles de las villa, se eleva á lo infinito en el Museo de Pintura, estudia los grandes maestros en el Ateuro, busca la calma espiritual en los espectáculos públicos y encuentra en los grelos la materia prima de los recuerdos gallegos. En Fomento pasa las tardes, en la vía pública las noches y entre cien libros las mañanitas de Abril y Mayo. «Los libros, folletos, entregas, revistas y hasta insales, le hacen transcurrir las horas velozmente. Y entre col y col... algunos almuerzos y comidas, cenas y meriendas con D. Manuel, con D. Benigno, con D. Urbano, con D. Alejandro y hasta suele irse á Villalba á oxigenarse con cazadores literatos. «Yo le oigo siempre con agrado y le aplaudo con sinceridad. Y allí donde perora ó conversa, allí acudo con presteza. Sus ideas relativas al regionalismo son |

D. AURELIANO J. PEREIRA.
POETA LUGUESE

Pereira, sigue diciendo el biógrafo á que nos referimos, pasa por orador elocuente y de facilísima palabra, agudo ingenio y buena imaginación. Tiene talento, instrucción, sinceridad y nobleza.

Otro escritor, al dar cuenta de la conferencia pronunciada por Pereira en el Centro Gallego, traza de este modo la semblanza de nuestro amigo:

«El ilustre vate lucense, tiene grandes simpatías en Madrid dentro y fuera de la

“La Tierra Gallega”. Curros aparece como Director Literario.

asignación que lle viñan dando para que escribise e editase a súa historia de Galicia. Dille el:

“Se eu fose García Barbón (que era un personaxe importantísimo da época, un home inmensamente rico e un político galego) non só lle reintegraría os seus haberes senón que faría outras

O periódico La Tierra Gallega, que no seu comezo foi unha publicación máis ben híbrida, vagamente rexionalista, comeza a derivar cara formas máis concretas de ideoloxía política.



Centro Galego de la Habana.

Naquel tempo fundase o Centro Galego da Habana, el intervén e fai un gran poema que le o día da inauguración do Centro. Fano Presidente de Honra e dánlle o bastón de mando, como se fora un alcalde dunha vila calquera de Galicia.

cousas para que soubese vostede canto é o aprecio e a admiración que sinto pola súa obra. Pero eu non só non son García Barbón, senón que me encontro aínda máis abandonado que vostede, sen patria, sen familia e case que sen amigos”.

Os feitos que motivaron esta situación e o seu enfrontamento con certos persoeiros representativos da emigración galega, non foron máis que meras incidencias tras as cales agachábanse outras causas máis profundas de incompatibilidade. É preciso saber que a emigración galega de todos os tempos, como en toda colectividade humana, ten a súa chusma indesexable. Non está composta soamente de homes honrados

e de traballadores honestos, que son a maioría, nas súas ringleiras hai tamén pícaros desleigados e logreiros.

Non foi nada novo o que lle ocorreu a Curros, nin tampouco foi un caso illado e único. Tamén Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte tiveron, anos despois, un enfrontamento semellante na mesma Habana. E décadas máis tarde, Alfonso Castelao sufriría as mesmas dentadas en Bos Aires, dos ananos ascendidos a ricos e dos zorros listos que soamente ven na emigración un tema negociable, e que rexeitan ao intelectual e ao artista sistematicamente, porque ven nel (e con razón soberana) un serio obstáculo para as súas sórdidas adicións

de caciques e manipuladores da emigración.

Por outra banda, algúns dos escritores galegos que estaban xa na Habana cando chegou Curros, radicados en Cuba, cecais por razóns de ciumes ou envexa nunca víron con bos ollos a Curros. Por exemplo, don Waldo Insúa [Waldo Álvarez Insua]*, o máis destacado de todos eles, que dirixía o semanario *El Eco de Galicia*. Eu manexei a colección de todo ese periódico e endexamais se falou de Curros, cousa estrana, non; pero ten a súa orixe en algo que vou explicar agora.

No prólogo da novena edición de *Aires da miña terra*, publicado en Bos Aires en 1940, Alberto Insúa, fillo de Waldo Insúa, di o seguinte: “*Grande amigo de mi padre* (refírese a Curros, claro) *que le dedicó un estudio crítico y fue en Cuba uno de sus panegiristas, no se bien por que razones a poco de llegar Curros a la isla, su amistad se quebró para siempre*”.

A verdade é que nunca existiu tal amizade entre os dous escritores e elo porque denantes de coñecerse persoalmente xa se tiña quebrado toda posibilidade de vencello amistoso entre ambos. A cousa foi así. En 1886, Curros queixábase nunha carta a un amigo de que un tal Chao, que realmente debía ser un galego, encargado de facer a segunda edición de *Aires da miña terra*, sacada en Madrid, tivera impreso varios miles máis de exemplares

dos catro mil pactados e cobrados polo poeta. Esta superproducción pirata, foi vendida na súa maior parte na Habana por Waldo Insúa, que, de feito, como indica seu fillo, tiña publicado un folleto crítico sobre Curros, usando según este, para vender máis o seu libro, a mesma cuberta de *Aires da miña terra*. Curros di nunha carta a Martínez Salazar: “*Lo mismo el señor Chao que el señor Insúa, me han explotado miserablemente*”.

O Centro Galego e a Sociedade Coral “Aires da Terra”, que tomara o nome do libro de Curros, estaban daquela en permanente rivalidade. Rivalidade, no trasfondo, política. Curros, que aínda conserva nese momento un resto de esperanza, fai un derradeiro esforzo de concordia e publica o seu poema *Pola unión*, que a cantante galega, residente na Habana, Dorinda Rodríguez, le nunha grande festa celebrada no Teatro Eiré con motivo do día de Galiza.

Vou a ler o poema, parte del porque é moi longo, porque isto axúdanos a enmarcar esta situación. Di Curros:

*Non é en honor do Patrón
que esta noite a bailar veño,
anque a teño ao santo, teño
á Patria máis devoción.
Eu, polo si ou polo non,
cos santos quero estar ben;
mais quero estalo tamén
coa Patria onde fun nacido:
soio unha Patria hai na vida
e santos hai máis de cen.*



Ramón Cabanillas.
Debuxo de Castelao.

Non foi nada novo o que se lle ocorreu a Curros, nin tampouco foi un caso illado e único. Tamén Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte tiveron, anos despois, un enfrontamento semellante. Alfonso Castelao sufriría as mesmas dentadas en Bos Aires.

Farto de evanxelizar
e facer no mouro estrago,
fai tempo que está Santiago
da santa gloria a gozar.
Con non menos batallar
contra todo mal goberno,
Galicia, en suplicio eterno,
decote está condenada,
e pídenos, desolada,
que a libremos dese inferno.

É tan grande o seu penar,
máncana tantos abrollos,
que coas bágoas dos seus ollos
coido que foi feito o mar.
Diante o trono e diante o altar
contra o seu mal pide acordo;
mais sin piedá nin remordo
do seu dolor, nunca escaso,
os homes non lle fan caso
e Dios permanece xordo...

¡Pobre vella! ¡Coitadiña!
¿Que pudo ela nunca ter
con ninguén, pra merecer
sorte tan dura e mezquiña?
¿Non derrochou canto tiña
polo ben desta nación?...
¿Quen a civilización
levou de Occidente a Oriente,
na nave resprandecente
que tripulaba Xansón?

¡Ti soio, Galicia Santa!
¡Ti, que no antigo señora,
escrava ximes agora
dos caciques baixo a pranta!
Véndote entre pena tanta
Teus bravos fillos ¿que fan?...
¿En que pensan? ¿Onde están,
que non collen os fouciños
e botándose ós camiños
a redimirte non van?

Arregañados os dentes,
uns cos outros agarrados,

revoltos i enfurruñados,
semellan a cans doentes.
Nas propias carnes os dentes
agarran, sin compasión,
e despreciando a razón
que toda xenreira borre,
jesquecen súa Nai, que morre
chea de infamia e baldón!

Galegos que me escoitades,
galegos que a verme vindes:
¡hoxe de eiquí non saídes
sin facer as amizades!
Das nosas debilidades
o diaño non se ha de rir.
Ímonos todos unir,
matando rencores cegos;
¡que na unión dos bos galegos
está da Patria o porvir!

Xuntas estrelas i estrelas
forman o azul firmamento;
xuntas as ondas do vento
da nave moven as velas;
xuntas as pallas sinxelas
forman as medas xigantes;
xuntas as gotas pingantes
forman regatos ombríos,
xuntas as augas dos ríos
forman océanos bruantes.

Todo, pra ser grande e forte
se une, xunta e reconchega:
quen á discordia se entrega
vai dereito cara á morte.
Non agarde mellor sorte
quen fomenta a división;
que a unión de todos os bos
é lei de tan alto alento
¡que pra estar no Sacramento
hastra a ten cumprido Dios!

Non pido bravos nin palmas,
nin coroas esta noite;
pido a todo o que me escoite
a unión, que é a vida das almas;

a unión, que do éter nas calmas
buscan a brisa i a flor;
a unión, que todo delor
consolo encontra no mundo;
a unión, que é xerme fecundo
de ben, de forza e de amor.

Por esta unión feiticeira
volverá a Patria a ter vida;
por esa unión ben querida
veño a bailar a muiñeira.
Colonia galega enteira:
aunque falto de donaires,
non este berro desaires
en que esta unión reconcentro:
¡que o Presidente do Centro
estreite a man da dos Aires!

Pero o seu xesto xeneroso, desgraciadamente non tivo eco, foi como unha voz clamando no deserto e a discordia entre galegos continuou. Era inevitable que Curros rematase como rematou, sufrindo as dentadas dos cans de palleiro, dos caciques da emigración; as injurias e calumnias dos cabaleiros da industria que, polo xeral, son os que dominan con malas mañas e gobernan con peor estilo as sociedades dos emigrantes galegos nas Américas, en case que todos os tempos.

Pero naqueles días ocorreu algo que veu ensanchar máis aínda as súas diferencias cos caciques da colectividade. O feito foi o seguinte: o sete de decembro de 1896, un batallón de soldados españois, ao mando do Comandante Cirugeda, (que era a castellanización do apelido galego Ciruxeda) sostivo cos insurrectos cubanos un combate no que morreu, por pura casualidade, o cabecilla insurrecto cuba-

*Waldo Insúa, fundador
e director de El Eco de Galicia.*

no Antonio Maceo. O día once, é dicir, catro días despois, o *Diario de la Marina* da Habana, que era un periódico español, publica unha nota na que propón unha homenaxe aos soldados e mandos daquela unidade que tiñan ofrecido á nación española como “aguinaldo” de Navidade, a cabeza do mulato Maceo.

A morte de Maceo tivo unha certa transcendencia porque os políticos españois e en xeral o pobo español, coidou que coa morte do cabecilla acabábase a guerra de Cuba. Estaban totalmente equivocados. O Comandante Ciruxeda, era, como di o seu apelido, galego, e de aí que a proposta de homenaxe que fixo o *Diario de la Marina* fose de inmediato aceptada polos seus paisanos, segundo nota publicada en dito xornal poucos días despois.

Di así: *“Las sociedades gallegas de La Habana, en representación de la colonia, acordaron obsequiar con un banquete el próximo día de Navidad, al valiente Comandante Cirugeda y a su batallón por heroico comportamiento en el combate de Punta Brava, donde fue muerto el cabecilla Maceo. Entre los concurrentes a la asamblea que se celebró al efecto, se reunieron en*



Algúns dos escritores galegos que estaban xa na Habana cando chegou Curros, cecais por razóns de ciumes ou envexa nunca viron con bos ollos a Curros. Por exemplo, D. Waldo Insúa, o máis destacado de todos eles, que dirixía o semanario *El Eco de Galicia*.



Xunta directiva da sociedade «Curros Enríquez da Habana» (1928).

Logo, a sociedade galega da Habana acabou mudando de opinión e incluso chegaron a constituírse sociedades co seu nome.

un momento, como base para el banquete, cuatrocientos veinticinco pesos de plata, diez terceroles (non sei que moeda é esta), diez cacerolas de vino, doce cajas de vino de Jerez, dos terneras, tres mil puros, tres mil cajetillas de cigarros y mil filloas, además de todo el pescado necesario para la confección de doscientas empanadas. La subscrición continua abierta entre los gallegos, a los que felicitamos por su oportuna iniciativa”.

O lugar escollido para o banquete foi o da praza da pequena poboación de Punta Brava, onde


o cabecilla fora morto. Entre soldados e paisanos asistiron perto de mil douscentos comensais. Nas mesas, fronte a cada invitado había unha carta impresa, forrada co escudo de Galiza, na que figuraba o menú seguinte:

“Vinos y licores de Oia, Avia, Valdeorras, Ribera del Miño y Valdepeñas; entremeses surtidos; tortilla de chorizo a la española; arroz con pollo a la valenciana; empanada de pescado a la gallega; lechón asado a la criolla; jerez, sidra y cerveza; postres y frutas variadas; café, tabaco y cigarros”.

A cabeceira da mesa dicía: *“Banquete con el que la colonia gallega de La Habana obsequia a las fuerzas que al mando del valiente Comandante Cirugeda, vencieron al servicio de la patria en la gloriosa acción en la que fue muerto el principal cabecilla y feroz mulato Antonio Maceo”.*

Non é para contar o que foi aquela incivil comellada celebrada sobre o mesmo lugar onde se vertera o sangue dun home que polo menos merecería o silencio e o respecto dos seus adversarios. Tampouco é para describir o indignado noxo de Curros ao ver como o Centro Galego apadroaba aquela entroidada. Noxo seguido da impotencia de non poder protestar publicamente pois a censura de imprensa naquela época que gobernaba Cuba o Xeneral Weyler, viña imposta, era absolutamente cerrada. Tampouco podía escribir no seu periódico, porque o *Diario de la Marina* no que el traballaba profesionalmente como redactor era o iniciador desta homenaxe. Entón escribelle aos amigos de Galicia: *“E noxaron por sempre o honor da nosa patria”*, dille a don Carlos Sabina, que era un periodista coruñés, moi amigo del.

Pouco tempo despois, os acontecementos precipitáronse camiño da solución final. Estala a guerra cos Estados Unidos. As hostilidades foron breves e decisivas. Curros, resumindo as súas ideas, publica un artigo nun xornal de Madrid no que analiza a funesta política española en Cuba. Di el: *“Nada tan*



Portada da Biografía de Curros escrita por C. E. Ferreiro.

antiespañol ni tan brutal como esa política feroz que aquí imponían los hombres menos ilustrados y cultos de la colonia y que lograba hacer triunfar siempre, ignoramos por qué medios tenebrosos, los programas de todos los partidos, política antinatural, porque negaba la libertad a un país rodeado de todos republicanos, que habían encontrado en la libertad su condición esencial de vida; política absurda, porque nos exigía a todos los que vivíamos de este ...

[Cambio de cinta]

“... de nuestros hermanos de Cuba”.

A seguir e despois de analizar minuciosamente a conducta de cada un dos políticos españois res-

Na miña condición de biógrafo que fun do poeta poiden saber que a súa vida conxugal non era harmónica. Quizais, a súa muller non estaba preparada para convivir cun home de tan forte personalidade como Curros.

ponsables daquela desfeita, engade: *“No es nueva esta falta de sentido de nuestros gobiernos. Ella preside todas nuestras catástrofes nacionales. Es, por decirlo así, el mal español. Tan español que la lengua castellana ya lo denunció en uno de sus poemas primeros hace más de siete siglos”*. E a continuación cita este verso:

*Decían los malfadados
En mal hora nascimos
Diéranos Dios España
Guardar no la supimos
Si el [...] somos nós
Bien nos lo merecimos
Por nuestro mal sentido
En gran yerro caímos*

Volve a vida de Cuba á normalidade. Moitos de aqueles galegos que extrañeceran a Curros, comprenden o seu erro e desexan desagravialo. Danse conta de que o poeta tiña razón e que eles non souberan mergullar até o fondo o problema das cousas de Cuba. Comprenden que a excomuñón civil decretada por eles contra Curros constituíra unha tremenda inxustiza. Na homenaxe que lle tributan, Curros le o seu poema *A espiña* no que fai historia dos aldraxes sufridas e denantes de perdoar as aldraxes increpa duramente aos seus antigos detractores. Vóuvolo ler, porque este poema define moito mellor que todo o que eu poda contarvos sobre o proceso de Curros emigrante:

*Pra que vos fale esta noite
metéronme certo empeño
e un pouco a falarvos veño,
si hai por eiquí quen me escoite.*

*Anos fai que nos riñós
levo cravada unhas espiña,
e como me doía aíña
vouna quitar diante vós.*

*Si mentres ma arrinco berro,
disimulaime a molesta:
láíase a besta i é besta,
é ferro, e quéixase o ferro.*

*Moito non se han de alegrar
de ver que inda teño alentos
os que beberon os ventos
para facerme calar.*

*Mais deses que, eiquí chegado,
con gaita me recibiron
e cando enteiro me viron
quixeron verme aforcado;
deses, con alma de can,
que coidan, na súa insolencia,
que se merca unha concencia
por catro codias de pan;
deses que medrando vin
dos abusos do poder
i a xornal quixeran ter
un cómplice mudo en min;
deses pra quen todo enteiro
o orden moral é un negocio,
a cubiza un sacerdocio
i o millor Dios o diñeiro;
deses pra quen fun mambí
cando era máis español
i enchen cos mambís o fol,
ida xa España de eiquí;
deses entre quen semeei
semente de paz i amor
pra coller un deshonor
por cada gran que ceibe;
deses que na loita cega
que descontra min trabaron
hastra matar non pararon
a probe terra galega;
deses que cando a fundei
ofrecéronme a súa caixa*

*e déronseme de baixa
cando a cobrar lle mandei;
deses que de raiba cheos
da porta me despediron
e abríronma cando viron
que ma abrían os alleos;
deses que na época vella
dixeron de min horrores
en papeis de dúas coores:
alaranxada e vermella;
que pra eso a nosa bandeira
serviu na súa man odiosa,
pra erguerse ante a xente nosa
e arriarse ante a extranxeira;
deses que, o nome calando,
non me quero eiquí ocupar:
quen as fai ten que as pagar
i eles xa as están pagando.*

*O amigo que me convida
a cantar nesta velada,
denantes de ver calada
a miña musa ferida,
quer que vos diga as razóns
por que non saio nin entro
na Benéfica, no Centro
e nas galegas reunións.*

*Según el, fuxindo ó trato
dos paisanos que me queren
doulles pé pra se ofenderen
e pra terme por ingrato,*

*Son algo ingrato, é verdade.
Mais pode decir en cru
que na miña ingratitú
non entrou nunca a vontade.*

*Xornaleiro do porvir,
decote sobre o meu tallo,
eu vivo do meu traballo
e traballo pra vivir.*

*I así, a un xornaleiro tal
que non agarda melloras
nin de rebaixar as horas,*

*nin do aumento do xornal;
que non ten casas nin tendas,
nin merca papel do Estado,
nin dá diñeiro ó fiado,
nin cobra foros nin rendas,
a deixar o seu mester
non o podeades forzar,
si é que non o querés matar
do que non querés morrer...*

*E son eles dende entón,
xefes da obreira milicia,
os que han de alzar a Xusticia
por cúpula da creación.
Aí tendes as razóns
por que non saio nin entro
na Benéfica, no Centro
nin nas galegas reunións.*

*¿Nin para que me queredes
nestes lugares? ¡Eu lixo!
Botoume deles quen dixo
que ia á escolca de mercedes;
botoume quen dixo un día
que nos seus ricos estrados
están de máis os letrados,
a Música i a Poesía;
botoume (¡que patrio apego!)
quen sentou, pérfidamente,
que no Centro o presidente
non precisa ser galego.*

*Cando esta infamia escoitei
saín; fixen, no momento,
de non volver xuramento
e cumprín o que xurei.*

*¿Querés que falte ó xuramento?
Pendurai daqueles muros
as copias dos homes puros
que teñen á Patria honrado.*

*Facede da nosa quinta
un lugar onde o doente
da muller i o fillo ausente
as extrañezas non sinta.*

*Facede que os emigrantes
que eiquí chegan en procura
do que lles nega a man dura
dos seu duros gobernantes,
topen bon consello en nós,
caridá, agarimo, acobos,
¡pra que non caia entre lobos
quen fuxiu de entre ladrós!*

*Nada vaio e nada son;
e tan ben fóra cal dentro,
si eu teño de entrar no Centro
será con esa condición.*

*E aínda a poñer outra chego
aquí, diante da xente:
¡non terei por presidente
a quen non nacer galego!*

*Dende que en Cuba xurdín
o mesmo fun do que son:
nin troquei o corazón
nin a conciencia vendín.*

*O que xusto defendín,
non me neguei á razón;
loei o que entendo bon,
o que malo, combatín.*

*Se na vella lei vivín
e se loitei con tesón,
haio de decir por min
verme tornar pra o terrón
cos mesmos cartos que vin.*

Este longo poema do que lin soamente unha parte, é quizais o que define máis claramente a explosión do poeta. As súas estrofas dannos a clave do seu carácter. Semella un resentido, pero só aparentemente, pois detrás dese non querer perdoar de todas aldraxes recibidas topenexa o pranto da súa alma desenganada e bondadosa. Sufriu os asoballos dos des-

leigados. Ao facer o resumo das súas dores analiza as súas cousas coa frialdade do médico que diagnostica unha doenza que quixera ver curada. De forma semella implacable, pero no fondo non hai xenreira senón unha enorme tristura.

O cadáver de Curros estivo exposto no *Diario de la Marina*, que era o xornal onde el traballaba. Por alí desfilou toda a colonia galega e intelectuais da capital cubana. Despois de laboriosas xestións, conseguiuase que o morto fose trasladado ao Centro Galego. Para evitar situacións engorrosas co presidente e o secretario do Centro, cos cales os enfrontamentos do poeta foran máis persoais decidiron pedir a súa licencia temporal e foron substituídos por os Vices.

O enterro que se lle fixo na Habana foi católico. Sobre o cadaleito campeaba a cruz. Unha multitude silenciosa atravesou as rúas da Habana seguindo os restos do poeta morto. Pasados algúns días, o Centro Galego recibiu varias peticións dende Galiza reclamando os restos do poeta, quizais lembrando aqueles versos seus de:

O terrón

*Se a sorte crudel
me fai o mundo deixar,
fóra del e do meu lar,
¡Galegos, levai-me a el!*

Exhumouse o cadáver e o primitivo cadaleito foi introducido,

envolto na bandeira de Cuba, nunha caixa de caoba e trasladado ao vapor Alfonso XIII, que por aqueles días zarpaba rumbo á Coruña.

Pero a paz aínda non lle chegaría ao poeta. A discordia e a discrepancia que tiñan presidido toda a súa vida presentábanse agora diante da súa tumba. Reunido o axuntamento da Coruña en sesión permanente para programar os actos a celebrar en honra do morto, un concellal republicano prantexou a cuestión de se o enterro ía ser católico ou laico. A discusión durou varias horas e non houbo acordo. Alguén propuxo unha fórmula arbitral. O enterro debía celebrarse do mesmo xeito que na Habana, mais os partidarios do enterro civil non aceptaron e seguiron os discursos. Era a unha da madrugada e non había acordo. Entón houbo outra proposta, que Adelardo, o fillo maior do poeta, que estaba alí naquela ocasión, decidira. Adelardo chegara uns días antes á cidade pero ninguén sabía onde se hospedaba, salvo o poeta Nan de Allariz, que era un pseudónimo, e non recordo o nome del [Alfredo FerNANdez]*. Nan de Allariz, partidario do enterro laico, era un dos que acompañaron ao morto dende Cuba. El foi á fonda e espertou ao fillo de Curros para que resolvese a cuestión impondo o enterro non relixioso posto que seu pai, segundo Nan de Allariz, e según é certo, morrera impenitente, é dicir, sen confesarse.

Adelardo tiña xa tomada a decisión, influído por don Alfredo Vicenti, antigo e entrañable amigo de Curros que lle había aconsellado o enterro canónico.

Á velada fúnebre, celebrada no Teatro Principal, non asistiu a representación obreira que, disconforme cos actos, convocou un mitin de protesta. A opinión achábase tan dividida e a xente tan [...] que ata se temeu a declaración dunha folga xeral. A empresa tomou parte na polémica e apareceron artigos de Nan de Allariz e de Lugrís Freire acusando aos fillos de Curros de estar vendidos ao Arcebispo de Santiago de Compostela e aos xesuítas.

O enterro por fin celebrouse, en católico, e constituíu unha imponente manifestación multitudinaria xamais presenciada na Coruña. Pecháronse os establecementos, enloitáronse con crespóns mouro os balcóns das casas e nos edificios públicos, ondeou a bandeira a media hasta. Na presidencia do enterro figuraban o fillo de Curros, o músico Chané, Murguía, o Alcalde de Celanova, Vicente [Manuel] Linares Rivas, a poetisa Filomena Dato, o fotográfico Cabeza de León, o Alcalde e o Gobernador da Coruña, así como representacións de todas as cidades galegas.

Os restos do poeta foron depositados no nicho número noventa e dous do cemiterio, onde actualmente xace. Os cregos cantaron os derradeiros responsos e o Orfeón [...] entonou a plegaria

Pietà Signore, de [...] cuxos ecos se perderon no mar que bruaba perto do cemiterio.

Por fin e para sempre chegoulle a paz definitiva ao poeta.

No seu poema *A Emigración*, Curros escribira:

Aquel que deixa o seu natal curruncho e fóra dos seus eidos pon os pés, cando proba o seguro polo incerto, motivos ha de ter.

Cales foron os motivos que o levaron á emigración. Na miña condición de biógrafo que fun do poeta, non me foi dado profundar moito neste problema. Poiden saber que a súa vida conxugal non era harmónica. Quizais, a súa muller non estaba preparada para convivir cun home de tan forte personalidade como Curros. Quizais este non era un exemplo de ser ponderado, no senso que Santa Tereixa pedía, cos ollos no ceo, neste caso na poesía, e os pés ben afincados na terra. Eu diría sempre un pouco mergullado nos seus soños, incapacitado para vivir a existencia pequeno burguesa que á súa muller lle apetecía. Había algo que non funcionaba ben no seu fogar, algo que non me foi posible averiguar nas miñas investigacións.

Carracido, o profesor Carracido, galego, tan amigo de Curros, dixo en certa ocasión nunha carta que eu vira: *“Un disgusto familiar había acibarado la vida del poeta”*. Por suposto, este disgusto non desvelado por min, tivo que

ser dos que deixan fondo suco para que Curros, tan afeito á dor, tan avinzado ó sufrimento, fose incapaz de resistilo, obrigándose a deixar o seu emprego de xornalista en Madrid e silandeiramente abandonar muller e fillos.

Paradóxicamente, naqueles intres de amargura era cando a súa sona e popularidade eran máis grandes. Por aqueles días saíra a edición castelán de *Aires da miña terra*, traducida por Constantino Llompart e cun prólogo de Blasco Ibáñez. E por aqueles días tamén, o Centro Galego de Madrid, recién inaugurado, tributáralle unha calorosa homenaxe na que interviñeron diversos personaxes galegos da vida literaria e política de Madrid.

Esta é, en síntese, a vida do emigrante Manuel Curros Enríquez. Xa é hora de que tamén en síntese diga algunhas consideracións encol da súa obra.

Tense dito que o lirismo é a nota común que define as características da poesía galega. Isto é certo soamente en parte, pois ninguén pode negar que a belixerancia e a loita dialéctica abroian xa, nada máis formarse a nosa lingua literaria, nas cantigas de escarnio e maldicir medievals onde aparece unha corrente protestataria e testemuñal. É séculos despois, cando á sombra do romantismo nace o noso Rexurdimento. Rosalía de Castro danos unha lección xenial de poesía comprometida ao dicirnos no prólogo dun dos seus libros que o poeta non debe

prescindir da sociedade na que vive e da natureza que o rodea, nin ser alleo ó seu tempo, para rematar afirmando algo que poidera definirse como unha declaración profunda de solidariedade co pobo. *“Tanto é así, di Rosalía, que neste meu libro preferín ante por as composicións persoais a aquelas outras que expresan as tribulacións coas que uns tras outros, e de distintos xeitos, vin durante longo tempo sufrir ó meu redor”*.

Curros adoita unha posición similar pero expresada en termos máis radicais. Ten unha idea moi clara da misión do poeta na sociedade. En Rosalía falan a tenrura e a queixa. Curros combate a inxustiza e canta a liberdade, o que en definitiva é tamén un xeito de honor. Rosalía é un tremor. Curros é un berro unha increpación. Curros representa a continuidade de algo que ten vellos antecedentes en todas as literaturas pero ademais interpreta o sentimento eminentemente crítico e cita debaixo da entrana máis auténtica do pobo galego. Un inconformismo que en Curros nace na mesma raigame insumisa que foi capaz de crear no noso país o primeiro parlamento deliberante de Europa. A historia da rebeldía galega remóntase ás guerras dos Irmandiños contra o poder feudal, encetadas cincuenta anos antes que as guerras medievals alemás. Esta rebeldía está presente dun xeito ou doutro nas obras do Padre Sarmiento, do Padre Feixóo, de Cornide, de Cernadas,

de Faraldo, de Murguía e de Brañas, por non citar máis que uns poucos dunha longa nómina que chega até os nosos días.

O compromiso preside o movemento de protesta de 1840, a Asemblea de Lugo de 1843, a revolución de 1846, que culminou nos fusilamentos de Carral, e tamén o acto simbólico pero tremendamente significativo para o seu tempo, do Banquete de Conxo. Así mesmo, está presente na Asemblea Popular de Santiago en 1873 e na Liga galega de 1897, que máis tarde cristalizaría na formación das Irmandades da Fala en 1918, das cales naceu despois o glorioso Partido Galeguista.

O compromiso co pobo presidiu tamén a obra de Curros e o pobo pagoulle identificándose con el porque el soubo interpretar o seu transfondo máis auténtico. O número de edicións de *Aires da miña terra* sobrepasou o das obras de Rosalía e non foi igualada ata hoxe por ningún libro escrito en lingua galega. Este mesmo éxito fíxolle gañar a xenreira de certos sectores intelectuais da súa época, envexas chámase esa actitude. Cando Curros foi excomulgado e procesado, di Alonso Montero, a actitude pública da maioría dos escritores, dos intelectuais e universitarios galegos foi de silencio e de cautela, nunha palabra, digo eu, de cobardía e de insolidariedade, cando non de feroz oposición, traducida en impropiedades persoais que pretendían pasar por valoracións literarias.

Portada interior de
O divino Sainete

O divino sainete é unha obra extraordinaria, sen dúbida a máis importante da literatura galega daquel tempo, incluso de todos os tempos. O humor incisivo e demoledor do sainete, a ironía, o sarcasmo do que fai alarde fabuloso, chegan a unha altura que nunca foi acadada na literatura galega e que incluso en castelán habería que remontarse a Quevedo ou ao Arcipreste de Hita para atopar algo semellante



Esta hostilidade badoca, seguida dunha conspiración de silencio encol do poeta, agrándase cando este publica *O divino sainete*, obra extraordinaria, sen dúbida a máis importante da literatura galega daquel tempo, incluso de todos os tempos, pois ata agora non ten aparecido nada que poida comparárselle. A xenerosidade verbal, o humor incisivo e demoledor do sainete, a ironía, o sarcasmo do que fai alarde fabuloso, chegan a unha altura que nunca foi acadada en lingua galega e que incluso en castelán habería que remontarse a Quevedo ou ao Arcipreste de Hita para atopar algo semellante. É certo que esta obra supón un feroz alegato descontra a Igrexa daquela época, pero tamén supón outros valores significativos que definen ao poeta como home e configura o seu pensamento

relixioso e político que estaba moi lonxe de ser tan extremoso como lle achacaban algúns dos seus contemporáneos, creando unha falsa imaxe do poeta como herexe e blasfemo, cando non era máis que un idealista liberal, reformista un tanto utópico, que no plano do pragmatismo político non pasaba da teoría posibilista de Castelar, de don Emilio Castelar. O anteriormente citado Alonso Montero, observa moi sagazmente que o anticlericalismo crítico de Curros estaba moi candente no meollo interior da propia Igrexa, e hoxe coincide cos seus conceptos posconciliares e coas obxeccións que actualmente se lle formulan á institución por moitos dos seus membros. Así, o teólogo Torres Queiruga, galego, despois de analizar as contradicións existentes entre o cristianismo declarado de

Curros e o seu anticlericalismo di: *“Curros deixoume de ser terrible para serme soamente enigmático”*. E máis adiante engade: *“Algo debía fallar na realidade eclesial do Divino Sainete que acusa á Igrexa de incorrer nos sete pecados capitais. Moitas das acusacións son inxustas, pero tamén é certo que non carecían de fundamento”*. E o propio Xosé M^a González Ruíz dixo: *“Valentín Novoa comentou certa vez que o Divino Sainete era unha obra só digna das tabernas, dos prostíbulos e dos presidios e que debera ser queimada por man do verdugo na praza pública. É curioso [di el] que a distancia de menos dun século obrigue a facer xuízos tan antitéticos como os que me mereceron a min a lectura do Divino Sainete”*. Ou sexa, que el descubriu a prol do libro toda unha denuncia profética, chea dun profundo amor a Cristo. Pero por riba de todo, o *Sainete* é unha obra de arte exemplar na que sen vulnerar nunca a esencialidade poética, Curros fai un alarde de dominio do idioma e dos seus recursos expresivos, á vez que supera todas as formas dos cancioneiros de escarnio e maldicir dándolle unha nova dimensión á sátira, logrando harmonizar coa man mestra os elementos clásicos que a conforman, coa forza cáustica da ironía popular galega, que outro noso paisano, Castelao, soubo tan ben e tamén cultivar nas súas maravillosas caricaturas sociais. Os valores que caracterizan a poesía galega de todos os tempos poden definirse en



Curros Enríquez foi velado baixo un crucifixo.

Fotografía cedida pola neta do poeta, Manuela Curros.

tres aspectos: culto da paisaxe, amor á terra, saudade e denuncia social. Este último aspecto, que é o máis común a todos os poetas nada ten que ver cos movementos poéticos que nun intre determinado poden estar vixentes nos tempos literarios que impoñen as súas modas poéticas. A denuncia social non é en Galiza unha moda, senón un modo constante de especificidade, fillo dunha realidade hostil que xa existía nos albores da nosa historia cando a lingua galega se constituíu en instrumento literario.

Nada máis. Moitas gracias.

Celso Emilio Ferreiro

* Nota: As indicacións feitas en [] son aclaracións aportadas polo transcritor ou indican partes da disertación irrecoñecibles. Como se indica en varias ocasións ao logo da conferencia, os poemas de Curros Enríquez citados e lidos por C. E. Ferreiro son incompletos e recollidos neste texto mesmo como el os recitou, o que se indica para evitar comparacións cos textos fixados polos editores de Curros e relativas a posibles variantes sobre o que aquí se ofrece.



*Grupo de «Mocedades Galeguista»
entre os que vemos a Pepe Velo
e Celso Emilio Ferreiro.*

PEPE VELO

Celanova, 1916- São Paulo, 1972

Fundador da Mocidade Galeguista de Celanova en 1932, chegou a ser elixido secretario xeral da Federación das Mocedades Galeguistas, con Celso Emilio Ferreiro como secretario de organización.

Dedicado profesionalmente á docencia, tanto en Celanova coma en Vigo, nos primeiros anos da posguerra colabora con grupos da resistencia antifranquista, polo que é detido en diversas ocasións. Logo de ter pasado varias veces polo cárcere, resulta beneficiado polas amnistías do fin da Segunda Guerra Mundial,

permanece varios meses agachado en Celanova, ata que pode fuxir cara Portugal, denantes de viaxar definitivamente a Venezuela.

Durante os primeiros anos venezolanos conxuga a actividade docente en distintos centros de Caracas cunha intensa actividade social e política, tanto nos foros da resistencia antifranquista coma dentro da colectividade galega.

En 1956 resulta elixido presidente do “Lar Galego” e inicia unha loita a favor da unión dos tres colectivos sociais galegos repartidos por Caracas. Participa no “I Congreso da Emigración Galega” en Buenos Aires, destacando como “un gran orador emocional”.

No ano 1959 participa na creación da Unión de Combatientes Antifranquistas, que lidera o militar republicano Alberto Bayo e que suporía o xerme do Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, do que resulta elixido co-director xeral. O DRIL poría en marcha a denominada “Operación Dulcinea”, por medio da cal á fronte de 24 revolucionarios españois e portugueses, secuestran o transatlántico portugués “Santa María” co fin de denunciar os réximes totalitarios que dende os anos 30 viñan sufrindo os dous pobos da península Ibérica, debido ás dictaduras de Francisco Franco e Oliveira de Salazar.

O desenlace do secuestro do transatlántico portugués obrígao a un segundo exilio no Brasil. En 1971 funda e dirixe a revista literaria “Paraíso 7 días”, da que tan só saíron publicados 5 exemplares. No mes de outubro, ferido xa de morte por un cancro pulmonar, escribe o derradeiro poema “Espranza”, denantes de que o 31 de xaneiro de 1972 morra no hospital “Oswaldo Cruz” de Sao Paulo, sendo soterrado ó día seguinte baixo a bandeira galega, no camposanto de Morumbi daquela cidade brasileira.